

Para cooperarmos cómpre comunicármonos

Láminas 9 e 10

A comunicación é a ferramenta coa que trabamos a confianza. Manifestarmos os propios intereses, comprendermos e termos empatía cos intereses dos demais, pórmonos de acordo na estratexia para seguir e abordarmos as dificultades coas que nos podemos atopar, son pasos necesarios que se desenvolven a través dunha comunicación aberta.

Obxectivos

Exercitar a capacidade de comunicarmos os intereses, os sentimentos e as dificultades coas que nos atopamos.

Exercitar a empatía, que nos permite pórnos no lugar dos demais e comprendermos os seus sentimentos e as súas necesidades.

Proposta de dinámica: meta ou desexo

Trátase de describir conflitos e atopar solucións en grupo.

- *Material:* encerado e xiz
- *Desenvolvemento:* comézase dicindo en voz alta todos os problemas que cada un ten na súa mente, sen discutilos. Escríbense no encerado (ou faise unha representación gráfica). A primeira nena ou o primeiro neno escolle un problema da lista, o que lle pareza máis significativo, e explícao con detalle ao grupo. Deseguido todos din unha meta, un desexo ou un desexo de fantasía que lles gustaría que sucedese se todo fose posible (isto abre unha variedade de posibilidades para a situación e axuda a definila mellor). Despois, cada un dá unha solución práctica e realista que poida resolver o problema, e ofrécella á persoa que formulou o problema. O proceso repítese para cada un dos participantes.

Traballo de reflexión e avaliación

Creemos que os demais comprenderon o noso problema?

Que nos achegaron os demais?


Que relación hai entre o xogo e o que pasa nas láminas?

Fonte: Paco Cascón Soriano e Carlos Martín Beristain. "La alternativa del juego [1] Juegos y dinámicas de educación para la paz". Ed. La Catarata, Madrid, 2004.



Dous nenos están a empurrar a outro á auga (Lámina 9)

Estamos nun río ou nunha praia fluvial. O importante é que dous nenos que estaban a bañarse no río están a empurrar a outro á auga. Eles pensan que o outro en realidade se achegou ao río porque quería bañarse, e por iso o empurran e o animan a meterse na auga. Nin sequera se decataron de que este leva unha bolsa na man con algo dentro que parece delicado. Deste xeito, o neno que acaba de chegar parece moi contrariado, porque nin sequera lle preguntaron que quería facer, e non era precisamente meterse na auga.



El só quería que lle axudasen a facer navegar un barquiño (Lámina 10)

El só quería proporlles que, xa que estaban na auga, lle axudaran a facer navegar por alí un barquiño que construíra (o que traía na bolsa). Así, se se lle escapaba, os outros podían ir por el.